


## SOCIEDADE CASTREXA



A *economía castrexa* era agrícola con base de cereais e leguminosas, ademais de gandeira coa explotación do gando bovino, e ovino en menor medida. Tamén practicaban a caza, especialmente a do cervo, corzo e xabaril, a pesca, o marisqueo e a recolección de froitos.

O *comercio* era a través do sistema de troco ou intercambio, comerciaban con metais, cerámica (grandes potas para conter líquidos ou cereais, cunha gran variedade de formas e decoracións) e produtos perecedoiros, tanto con poboados da contorna como con outras rexións (sur da península ibérica e rexións atlánticas europeas). Acháronse multitude de obxectos de orixe foránea tales como xoias, vidro, cerámica, etc. A actividade téxtil de tecido e fiado, que probablemente era un labor feminino, estaba dedicada á produción doméstica de vestimenta.